

Curso 2024-2025

Memoria de actividades



Oficina de Sustentabilidade
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ÍNDICE

1. COORDINACIÓN E RESPONSABILIDADES
2. DIVULGACIÓN
3. MOBILIDADE SUSTENTABLE
4. MONTE DA FRAGA
5. HORTAS
6. RESIDUOS
7. MARZO AMBIENTAL
8. CAMPAÑAS DE AFORRO DE RECURSOS
9. OUTRAS ACTIVIDADES
10. PROGRAMA GREEN CAMPUS
11. RANKING GREEN METRIC 2024
12. RESULTADOS E VALORACIÓN DO CURSO 2024-2025

Dirección	Armand Hernández – Director OdS-UDC
Coordinación	Verónica Torrijos Pérez - Técnica Oficina
Edita	Oficina de Sustentabilidade, Vicerreitoría de Infraestruturas e Sustentabilidade (OdS – UDC)
Agradecementos	Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante (SAPE) Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria (VEPEU)

1. COORDINACIÓN E RESPONSABILIDADES

A Oficina de Sustentabilidade

A Oficina de Sustentabilidade (OdS) da Universidade da Coruña encóntrase no Edificio Xoana Capdevielle, no campus de Elviña, dependente da Vicerreitoría de Infraestruturas e Sustentabilidade.

Encárgase da coordinación e realización de diferentes actuacións de tipo ambiental e de sustentabilidade na Universidade.

Os obxectivos principais da OdS son a xestión ambiental e a sensibilización e participación da comunidade universitaria en materias relacionadas co medio ambiente e a sustentabilidade. Para o cumprimento dos seus obxectivos, a OdS realiza actuacións de divulgación ambiental en toda a Universidade, fomentando a participación e corresponsabilidade ambiental, e realizando proxectos sectoriais relacionados coa xestión da sustentabilidade. Tamén coordina grupos de traballo dentro da UDC para a mellora da sustentabilidade nos diferentes campus.



Armand Hernández Hernández

Director da Oficina de Sustentabilidade (OdS)

Teléfono: +34 981 167 000 Ext.: 5565

Enderezo electrónico: direccion.oficina.sustentabilidade@udc.gal

O persoal bolseiro

Cada curso académico a Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Empregabilidade, a través do Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante (SAPE), convoca diversas bolsas para a formación complementaria do estudiantado de Grao da Universidade. Entre elas atópanse as bolsas para a OdS e o programa Green Campus, cuxo obxectivo é ofrecer unha formación transversal en medio ambiente e sustentabilidade, dirixido a todas as disciplinas que se estudan na UDC.

No ano 2025 reduciuse a duración das bolsas a 4 meses (febreiro-maio), e foron 12 estudantes que gozaron desta bolsa de formación: unha persoa estivo a tempo completo na OdS (8h semanais), e as restantes ligadas aos Green Campus.

Na seguinte táboa detállase a relación de persoas bolseiras no ano 2025:

Centro Green Campus	Apelidos, Nome
Facultade de Informática	Alonso Dapena, Andrea
Facultade de Economía e Empresa	Babío Montero, Guillermo
ETS Camiños, Canais e Portos	Besiga González-Tejero, Pablo
Facultade de Filoloxía e Turismo	Darriba Moure, Daniel
Facultade de Ciencias	Díaz Vázquez, Mariana
Facultade de CC. da Comunicación	Gallego Antelo, Laura
Facultade de Ciencias da Educación	Lois Magariños, Cristina
Facultade de Ciencias da Saúde	Longueira Guerrero, Ana María
Facultade de Fisioterapia	Taboada Rosi, Stefano
Campus de Esteiro	Varela Barral, Andrea
ETS Arquitectura	Varela Caamaño, Sara
Facultade de CC. do Deporte e a E.F.	Yáñez Santana, Carolina
EU Arquitectura Técnica	deserta
Facultade de Socioloxía	deserta
ETS Náutica e Máquinas	deserta

O equipo estivo dirixido polo director da OdS e coordinado pola técnica da oficina e persoas titoras Green Campus en cada escola ou facultade.

Para o bo funcionamento do equipo, empregáronse varias canles de comunicación:

> Presencial: Reunións para definir accións, posta en común e dúbidas.

> Telemática: Por correo electrónico e aplicacións de mensaxería instantánea, así como ferramentas online para a xestión de horarios e axendas.

As liñas temáticas que desenvolveu o persoal bolseiro no ano 2025 foron:

Divulgación: Xestión das redes sociais da OdS e preparación de materiais para difundir as actividades e animar á comunidade universitaria a participar activamente na práctica da sustentabilidade.

Xestións administrativas: Atención ao correo-e, colaboración na organización de actividades (listas de asistencia, fotos, crónicas), elaboración de certificados.

Resíduos e compostaxe: Revisión periódica do proceso de compostaxe nas áreas dos comedores universitarios e campañas divulgativas para a recollida selectiva.

Acompañamento nas actividades de voluntariado ambiental: Este curso centrouse principalmente nas actividades no Monte da Fraga.

Green Campus: Accións en rede cos comités ambientais dos centros da UDC.

Proxecto Educando para a Sustentabilidade: A implicación do persoal bolseiro neste proxecto foi na convocatoria Marzo Ambiental 2025.



Voluntariado Ambiental

En colaboración coa Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV-UDC), a OdS pode contar con persoas voluntarias estables no curso, que escollen tema de dedicación acorde ao [Programa de actividades de voluntariado ambiental da UDC](#), que está dirixido a toda a comunidade universitaria: alumnado, e tamén PDI e PTXAS.

Ademais, existe a modalidade de voluntariado ambiental dedicándolle só xornadas puntuais, atendendo ás convocatorias de actividades que se publican na páxina web da OdS e nas redes sociais.

Durante o curso 2024/2025 a OdS contou con tres persoas voluntarias entre os meses de febreiro a maio de 2025, con diferentes horas de implicación, que foron de 10, 40 e 72 horas de dedicación a actividades de sustentabilidade dirixidas á xestión de residuos (compostaxe) e a incorporación nos comités ambientais Green Campus dos centros de Ciencias da Saúde, Filoloxía e Ciencias da Educación.


Recoñecemento de créditos

Tódalas actividades da OdS abertas á participación da comunidade universitaria estiveron acollidas ao recoñecemento de créditos para o estudiantado de Grao da UDC, baixo a [Resolución Reitoral 23/11/2023](#) da Universidade da Coruña, de maneira que por cada 10 horas de formación se opta ao recoñecemento de 1 crédito ECTS.

2. DIVULGACIÓN

A OdS conta con espazo web propio na páxina da UDC:

https://www.udc.es/gl/sociedade/medio_ambiente/



Accédese a través do apartado “Vida no Campus UDC”, a páxina estrutúrase en liñas temáticas e conta cun apartado de “Actualidade” onde se publican todas as convocatorias abertas á participación universitaria.

Entre elas, o servizo de préstamo de bicicletas, hortas, voluntariado ambiental, e tamén publicacións de informes sectoriais.

Os servizos específicos (bicicletas, hortas, mobilidade) e as convocatorias de especial relevancia envíanse a través das listas de correo institucional e do boletín de estudantado, chegando así a toda a comunidade universitaria.


Síguenos en...



A divulgación complementábase coa presenza da OdS nas redes sociais, xestionadas polo persoal bolseiro:

- **Facebook:** conta creada o 12/09/2024 en substitución da antiga conta a nome de Oficina de Medio Ambiente. No presente curso a nova [@Oficina de Sustentabilidade – OdS](#) conseguiu 22 seguidores (xuño 2025).

- **Instagram** foi a principal vía empregada no curso 2024/2025, que conta con 1.109 seguidorxs (xuño 2025), sumando 50 respecto ao curso anterior. A evolución desde a creación da conta no ano 2018 é a que se mostra na seguinte gráfica:



- A canle de **YouTube** ([@bolseirasoma7609](#)) segue sendo a da antiga Oficina de Medio Ambiente, conta con 14 persoas subscritoras e 38 vídeos de divulgación.

- No curso 2024/2025 abandonouse a rede X.

Finalmente, a OdS conta co blogue [Base de datos do Monte da Fraga, en wordpress](#), no que se aloxa a información dos códigos QR do seu roteiro.

No curso 2024/2025 a distribución de cartelería e folletos estivo limitada debido á falta de servizo de reprografía na UDC. Algúns dos centros Green Campus imprimiron cartelería de campañas específicas como o Marzo Ambiental pola súa conta, para amplificar a divulgación intracentro.

3. MOBILIDADE SUSTENTABLE

O Plan de mobilidade e espazo público é promovido pola UDC desde o 2010, favorecendo e difundindo a importancia dos medios de transporte non motorizados, antepoñendo ao peón e outros medios como a bicicleta fronte ao uso do vehículo privado, seguidos do transporte público ou desprazamentos partillados. Isto sitúa á UDC coma unha institución exemplar á hora de construír un campus universitario sustentable, comprometida coa conservación e mellora do ambiente e consciente dos beneficios sociais, culturais e económicos, promovendo unha actitude responsable e saudable.

Servizo de préstamo de bicicletas

Este servizo incluído no Plan de mobilidade, ofrece a través da OdS o acceso a unha bicicleta durante todo o curso, dispoñible para estudantado e persoal PTXAS e PDI. Anímase así á comunidade universitaria a desprazarse aos campus en bicicleta, medio de transporte sen emisións, eficaz para o movemento na cidade, e saudable.

Durante o curso 2024-25 empréstáronse **98 bicicletas** das modalidades convencional, pregable e eléctrica, nos Campus da Coruña e de Ferrol.

Toda a información sobre este servizo pódese atopar na seguinte ligazón: https://www.udc.es/gl/sociedade/medio_ambiente/bicis/

	Coruña	Ferrol
Bicicletas Eléctricas	13	5
Bicicletas Convencionais	33	14
Bicicletas Pregables	27	6
TOTAL	73	25



Ábrese a convocatoria de préstamo de bicicletas da UDC para o Curso 2024/2025

5 de setembro de 2024 8:00

Prazo de solicitude e pagamento do 6 ao 12 de setembro

Publicado por: Oficina de Sustentabilidade



Programa de préstamo de bicicletas na UDC: prazo de solicitude aberto do 14 ao 19 de febreiro

13 de febreiro de 2025 14:19

O obxectivo deste programa é o de promover o emprego da bicicleta como vehículo para a mobilidade sustentábel, facilitando o acceso a unha bicicleta a aquelas persoas interesadas en

4. MONTE DA FRAGA

O Monte da Fraga, un espazo forestal situado entre as facultades de Ciencias e Filoloxía, pasou de ser un espazo descoidado, con exceso de eucaliptos e sen xestión silvícola, a converterse nun lugar de referencia na UDC para o desenvolvemento de actividades ao aire libre e para a experimentación e investigación ligada principalmente á Facultade de Ciencias. Reforestacións participativas con especies forestais autóctonas, eliminación de especies exóticas invasoras, mapeo de especies e inventarios de biodiversidade son algunhas das actividades levadas a cabo.

4.1. Proxecto de Custodia do Territorio

A Custodia do Territorio é unha estratexia de conservación definida pola Lei 42/2007, segundo a cal as Administracións Públicas fomentarán esta figura con acordos entre entidades e propietarios co obxectivo da conservación do patrimonio natural e a biodiversidade. Exemplo disto na UDC a través dos colectivos ADEGA e HABITAT, que se encargan de contribuír na conservación do Monte da Fraga. Este proxecto de conta ademais coa colaboración do Concello da Coruña, a través do “Convenio específico de colaboración entre o Concello da Coruña e a UDC para a execución do proxecto de custodia e voluntariado ambiental no Monte da Fraga”, asinado en outubro de 2017, e renovado anualmente ata a actualidade.

4.2. O “Roteiro do Monte da Fraga” e Sendeiro Azul

Traxecto concibido para a aprendizaxe autoguiada, a través de [códigos QR](#) localizados nas 20 balizas de sinalización distribuídas no percurso.



Nos anos 2023-2025 o Roteiro do Monte da Fraga da UDC recibiu o galardón “Sendeiro Azul” pola ADEAC (Asociación De Educación Ambiental e do Consumidor), poñendo en valor o espazo: os Sendeiros Azuis son lugares escollidos do litoral español para a sensibilización ambiental, entendida como ferramenta para o cambio social. Galardón Sendeiro Azul: [Ano 2023](#) | [Ano 2024](#) | [Ano 2025](#)

4.3. Actividades participativas no Monte da Fraga

As actividades no Monte da Fraga no curso 2024-2025 implicaron a participación de 334 persoas nas actividades. [Memoria de Actividades, ano 2024](#).

Estas actividades estiveron financiadas pola Oficina de Sustentabilidade da UDC, no marco do convenio sectorial de colaboración entre a Concellaría de Medio Ambiente do Concello da Coruña e a Oficina de Sustentabilidade da Universidade da Coruña para a execución do proxecto de custodia e voluntariado ambiental no Monte da Fraga, no ano 2024.

As actividades tipo, datas e entidades encargadas da súa monitorización detállanse a continuación.

Data	Entidade	Título actividade	nº persoas
26/09/2024	GN Hábitat	Ilustración da natureza	18
10/10/2024	GN Hábitat	Descuberta da biodiversidade	12
16/11/2024	GN Hábitat	Iniciación á fotografía da natureza	26
29/10/2024 20/11/2024	ADEGA	Eliminación flora exótica invasora	8
06/11/2024	ADEGA	Valados de pedra seca	24
8/05/2025	ADEGA	Reparación da charca	5
28/11/2024	Sorex	Revisión caixas de morcegos	9
09/02/2025	GN Hábitat	Intervención paisaxística: plantación de árbores	25
25/10/2024 19/11/2024 30/11/2024 23/01/2025	CEM UDC Big Bang ADEGA	Roteiros temáticos guiados	69
18-21/11/2024	UDC Big Bang	Exposición dos cogomelos do Monte da Fraga	120
16/11/2024 19/11/2024	UDC Big Bang	Identificación dos cogomelos do Monte da Fraga	18



Imaxes de algunhas actividades participativas desenvoltas no Monte da Fraga no curso 2024/2025: [1] Xornadas de eliminación de flora exótica invasora; [2] Xornadas de divulgación e reconstrución do valado de pedra seca; [3] Obradoiro de debuxo; [4] Saída de campo dos cogomelos do Monte da Fraga; [5] Roteiro e recollida de lixo; [6] Obradoiro de fotografía; [7] Obradoiro de revisión de caixas niño; [8] Roteiros interpretativos.

4.4. Traballos de mantemento no Monte da Fraga

Alén das xornadas de voluntariado abertas ao público, tamén se desenvolven accións de mantemento do Monte da Fraga, e a elaboración de informes sectoriais, polas mesmas entidades de custodia, mais en xornadas de traballo técnico sen participación de voluntariado.

Estas actividades estiveron financiadas pola Oficina de Sustentabilidade da UDC, no marco do convenio sectorial de colaboración entre a Concellaría de Medio Ambiente do Concello da Coruña e a Oficina de Sustentabilidade da Universidade da Coruña para a execución do proxecto de custodia e voluntariado ambiental no Monte da Fraga, no ano 2024.

Este curso as necesidades de mantemento foron as seguintes:

Accións de estudo e divulgación do aproveitamento de cursos de auga na hidratación do monte da Fraga (Sistemas de hidratación).	Francisco Carballo Arquitectos S.L.P.
Proxecto de intervención paisaxística e divulgación do Sendeiro Azul, localizado no Monte da Fraga.	Rodríguez Pereira S.L.
Plan de difusión do Monte da Fraga mediante publicacións.	Xulia Pisón
Informes sectoriais: Lepidópteros e estado de caixas niño.	GN Hábitat
Informes sectoriais: Actividades de custodia, ano 2024.	ADEGA



5. HORTAS

As hortas urbanas da UDC buscan avanzar na xestión ambiental sustentábel do campus e contribuír á concienciación ambiental da comunidade universitaria e da sociedade en xeral. Para iso conta con 40 parcelas no Campus de Elviña, de dimensións de 20m² cada unha, dispoñibles para alumnado, PTXAS e PDI da UDC.

Ademais, desde o curso 2023/2024 púxose en marcha o programa de hortas en Ferrol, a través do formato de bancais, dispoñendo en total 30 unidades que se sortearon publicamente para 10 persoas.

Toda a información e convocatoria de hortas encóntrase [NESTA LIGAZÓN](#).



Imaxes dos bancais no campus de Ferrol.

6. RESIDUOS

6.1. Semana Europea para a redución de residuos (EWWR)

A maior campaña de concienciación sobre a prevención de residuos en Europa, levou no ano 2024 o lema ‘O bo gusto non ten desperdicio’, pretendeu unir forzas para cambiar a forma en que se producen, consumen e distribúen os alimentos en Europa. Nesta convocatoria tamén se uniron forzas na UDC, coordinando accións conxuntas entre a Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV) e a Oficina de

Sustentabilidade (OdS), pois a prevención do desperdicio alimentario e a xestión dos residuos son cousa de todos e todas. O alcance estimouse nun total de 116 persoas participantes.

Todos os detalles, accións realizadas e os resultados da campaña EWWR 2024 están dispoñibles no [Informe EWWR 2024 e caracterización de residuos na Facultade de Informática](#).



6.2. Áreas de compostaxe na UDC

As áreas de compostaxe ligadas aos comedores universitarios supoñen o tratamento *in situ* dos residuos orgánicos para a elaboración de compost, empregado posteriormente nas hortas universitarias. Esta práctica estivo a xestionarse no curso 2024/2025 por unha persoa mestra composteira (set-dec. 2024) e no ano 2025 directamente polo persoal técnico e bolseiro da OdS.

A compostaxe na UDC viuse reducida ao 50% respecto a cursos anteriores, debido ao paro de 5 áreas de compostaxe (do total de 10 implantadas) por causas varias, sendo a principal a deficiencia no material estruturante subministrado, que non permitiu a elaboración de calidade do produto, e resultou na parada das áreas asociadas aos comedores de Arquitectura Técnica, Economía, Dereito, Oza, Bastiagueiro. Aínda con isto, estímase a prevención de 10 toneladas de residuos orgánicos anuais.

O proxecto de compostaxe da UDC conta coa vertente didáctica e de investigación, que acolle a numerosas visitas cada ano. No curso 2024/2025 recibíronse 5 grupos de visitantes que implicaron a 81 persoas.



Imaxes: Áreas de compostaxe de Ferrol e da Praza da Fraga.

7. MARZO AMBIENTAL


O ciclo Marzo Ambiental pode considerarse un programa de Educación para a Sustentabilidade, dirixido a toda a comunidade UDC.

Na convocatoria de 2025, desenvolveuse entre o 6 e 31 de marzo, cun total de 24 actividades diversas en forma de mesas redondas, palestras, voluntariado, obradoiros e visitas técnicas, chegando a 879 persoas. Completouse o programa con accións participativas coma o rexistro nas ferramentas Emapic de cálculo da pegada de carbono, a presentación a concursos de fotografía, ou a implicación nunha xornada de intercambio de plantas. Con todo isto, a participación ascendeu a 1.158 persoas da comunidade universitaria que dalgunha forma se achegaron á programación Marzo Ambiental 2025.

A valoración do Marzo Ambiental 2025 obtivo un 4,42 de puntuación media sobre 5, cun 93% de persoas que consideraron o programa "Ben" e "Moi ben".

[Memoria Marzo Ambiental 2025.](#)

O seguinte calendario (esquerda) mostra as actividades do Marzo Ambiental 2025, e á dereita móstrase a imaxe do cartaz de divulgación:



7.1.1. CICLO DE CONFERENCIAS, MESAS REDONDAS E PALESTRAS

En total 19 conferencias, mesas redondas e palestras que se desenvolveron principalmente na modalidade presencial, mais tamén houbo a posibilidade de seguir algunhas de xeito telemático. Rexistrouse a asistencia de 638 persoas a estas actividades.

7.1.2. OBRADOIROS, VOLUNTARIADO E VISITA TÉCNICA

Desenvolvéronse 6 obradoiros, incluíndo a xornada de intercambio de plantas, 1 visita á depuradora de augas residuais, e 1 actividade de voluntariado ambiental para a limpeza do entorno natural.

Obradoiros 219 persoas, Voluntariado 29 persoas, Visita 37 persoas.

7.1.3. EXPOSICIÓNS

Co gallo do 'Marzo Ambiental 2025' localizáronse 10 exposicións de temáticas ambientais diversas nas Escolas e Facultades da UDC, para visita libre.



Algunhas imaxes do Marzo Ambiental 2025: (1) Charla sobre eficiencia enerxética na UDC; (2) Repair café; (3) Proxecto Ríos; (4) Exposición “Compra saudable e sostible”; (5) Limpeza do entorno natural.

8. CAMPAÑAS DE AFORRO DE RECURSOS

8.1. Aforro de auga na UDC

Para sermos conscientes do obxectivo de redución, compre termos sempre a información ben visible en cada lugar onde se aplicaron medidas. Na UDC estanse a empregar as seguintes eco-etiquetas.




8.2. Aforro de papel

Co nome de *'Re-utilizando: 2 caras, 2 usos'*, esta campaña de aforro de papel esténdese polos centros Green Campus, dispoñendo de caixas acondicionadas co indicativo da campaña. "2 caras, 2 usos" convida ás persoas usuarias a deixar o papel que tirarían no lixo pero que aínda ten unha cara sen usar, e ao mesmo tempo, é unha fonte de subministro para quen queira darlle uso.



9. OUTRAS ACTIVIDADES

A continuación móstranse os recordes de outras actividades que tamén organizou ou nas que colaborou a Oficina de Sustentabilidade durante o curso 2024/2025. En conxunto, estímase a participación de 80 persoas.





Proxecto Ríos na UDC: inspección de outono

28 de outubro de 2024 9:58

Mércores 30 de outubro no río Lagar O Proxecto Ríos é un programa de educación e voluntariado ambiental no que se realiza unha inspección do río Lagar, adoptado pola Ods-UDC ao seu paso polo campus de Elviña. ...

Publicado por: Oficina de Sustentabilidade



Programa da Oficina de Sustentabilidade no X Outubro UDC Saudable

1 de outubro de 2024 9:00

Súmate ao coidado da natureza e da túa saúde!

Publicado por: Oficina de Sustentabilidade



Semana Europea da Mobilidade

17 de setembro de 2024 11:06

Actividades do 16 ao 22 de setembro

Publicado por: Oficina de Sustentabilidade

10. GREEN CAMPUS



O programa Green Campus é unha iniciativa da *Foundation for Environmental Education* (FEE) en colaboración con varias universidades europeas para potenciar os valores de Educación Ambiental no ámbito universitario. A FEE é unha organización non governamental e sen ánimo de lucro que ten por principal obxectivo promover o desenvolvemento sostible a través dunha potente ferramenta: a educación ambiental.

A metodoloxía Green Campus busca que a UDC sexa cada vez máis sostible, cos seguintes pasos: creación dun Comité Ambiental, realización de eco-auditorías, elaboración dun Plan de Acción e dunha declaración do compromiso ambiental, xunto co asesoramento, comunicación e avaliación continua dunha auditora externa. No caso da UDC, esta auditora é a Asociación de Educación Ambiental e do Consumidor (ADEAC), como sección española da FEE, e encárgase de avaliar e outorgar as Bandeiras Verdes en recoñecemento. O detalle da información pode consultarse [NESTE APARTADO WEB DA UDC](#).

Na actualidade todos os centros docentes da UDC están incorporados ao programa Green Campus, a través de 15 programas, dos cales 11 contan con Bandeira Verde.

11. RANKING GREEN METRIC 2024

Na convocatoria de 2024, a UDC situouse no 13% de Universidades máis sustentables a nivel mundial, segundo o Ranking Green Metric 2024. Co percentil 87, a UDC ocupou o posto 186 a nivel mundial, respecto as 1.477 Universidades presentadas. En España ocupou o 6º posto de 32 universidades presentadas, tres máis que o ano anterior, e dentro do SUG continúa sendo a líder neste Ranking.



Puntuación acadada pola UDC, respecto ao máximo puntuable en cada eixo e global (esq.); Posición da UDC a nivel mundial e en España, global e por eixos temáticos (dta.).



O informe elaborado pola OdS-UDC detalla cuestións por eixo de actuación, e conclúe valorando os esforzos de sustentabilidade levados a cabo na UDC, poñendo de manifesto a boa posición relativa á media mundial. Así mesmo, permite facer unha análise dos aspectos a mellorar: Os retos da UDC céntranse no mantemento dos eixos chave do éxito, como é residuos, sen descoidar a tendencia á mellora no eixo de infraestruturas, e

en terceiro lugar incrementar os esforzos no relativo a enerxía e cambio climático e a transporte, neste último na necesidade de elaborar programas de apoio para fomentar o uso de transportes alternativos ao vehículo privado. As accións que se previstas contan con programas específicos do [Plan Estratéxico da UDC 2022-2026](#).


[Informe valoración da OdS: Resultado da UDC no Ranking GreenMetric 2024](#)

12. RESULTADOS E VALORACIÓN

12.1. Participación

As actividades desenvoltas no curso 2024/2025 implicaron a participación de 1.932 persoas en total. Entre elas, distínguense liñas estruturais da Oficina, como son os servizos de préstamo de bicicletas e de hortas urbanas, ou a co-titorización do grupo de bolseiros e bolseiras Green Campus – OdS. A este tipo de accións estiveron asociadas 391 persoas. O resto foron actividades abertas e participativas que achegaron a 1.541 persoas á sustentabilidade ambiental da UDC.

As cifras e detalles de actividades móstranse na seguinte gráfica:



MA: Marzo Ambiental

12.2. Avaliación



Fíxose valoración do Marzo Ambiental 2025 (inclúe ao 75% de participantes en actividades abertas) a través dun formulario web. Obtivéronse 225 respostas que outorgaron unha puntuación global de 4,42 sobre 5.

